

ORDENANZA MUNICIPAL Nº 32 REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE MONDOŃEDO

ARTIGO 1.- OBXECTO:

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación a nivel municipal da expedición da Tarxeta de Estacionamento para persoas con minusvalidez e de Accesibilidade de usuarios previstas no Capítulo III, Sección 2ª, nos artigos 27, e seguintes da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOGA do 29 de agosto de 1997 e nos artigos 50,51,52 e 53 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da citada Lei, co fin de favorecer-lo uso dos transportes privados por persoas con graves problemas de mobilidade e para que o seu titular poida desfrutar de facilidades de estacionamento, e como documento acreditativo da situación de discapacidade en orden a favorecer o uso e desfrute dos transportes públicos.

Na presente ordenanza regúlanse dous tipos de tarxetas:

TARXETA DE ESTACIONAMENTO: concederáse ás persoas con graves problemas de mobilidade como documento acreditativo da súa situación, con carácter persoal e intransferible, coa finalidade de favorecer-lo uso de transportes privados e para que o seu titular poida gozar das facilidades de estacionamento relacionadas coa devandita tarxeta.

TARXETA DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS: Concederáse ás persoas con algunha limitación, con carácter persoal e intransferible, como documento acreditativo da súa situación de discapacidade, para favorecer-lo uso e desfrute dos transportes públicos.

ARTIGO 2.- BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios da tarxeta de estacionamento, con carácter persoal e intransferible todas aquelas persoas con minusvalía que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polos equipos de valoración e orientación (EVO) dependentes da seccións de cualificación e valoración de minusvalidez

2. Terán dereito ser usuarios da tarxeta de accesibilidade todos aqueles interesados ós que se lles recoñeza a condición de minusválidos polos equipos de valoración e orientación (EVO) dependentes das seccións de cualificación e valoración de minusvalidez.

ARTIGO 3.- SOLICITUDE DAS TARXETAS.

Presentaranse segundo modelo oficial nas Dependencias Municipais, acompañando a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Certificado de Minusvalía.
- Certificado de empadramento.
- Fotografía tamaño carné.

ARTIGO 4.- DEREITOS DERIVADOS DAS TARXETAS.

1. A titularidade da tarxeta de estacionamento dá dereito á:

1.a. Utilización das prazas de aparcamento reservadas polo Concello con carácter permanente, que estarán debidamente sinalizadas para vehículos que transporten as persoas titulares desta tarxeta.

1.b. Autorización para que os vehículos ocupados por estas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peatonal.

1.c. Ampliación do límite de tempo , si estivera establecido, para aparcamento de vehículos titulares desta tarxeta.

2. A tarxeta de accesibilidade de usuarios dará dereito o seu titular a:

2.a. Reserva de prazas nos transportes colectivos.

2.b. Bonificación nas tarifas dos transportes colectivos para as persoas que dispoñan da tarxeta.

2.c. Reserva de prazas nos centros de servizo de transporte público.

ARTIGO 5.- MODALIDADES DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO.

Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física, poderá utilizala en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade, e sexa o titular da tarxeta o condutor do vehículo ou non.

Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluí-la matrícula ou matriculas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade.

Cando se faga uso dos dereitos que confire esta tarxeta, esta colocarse na parte interior do parabrisas dianteiro de forma que resulte claramente visible dende o exterior.

O modelo de tarxeta axustarase as características sinaladas no Anexo III do Regulamento, que se establece no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

ARTIGO 6.- VALIDEZ E EXPEDICIÓN DAS TARXETAS.

O Concello de Mondoñedo, remitirá copia da solicitude ó Equipo de Valoración e Orientación (EVO) da correspondente Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, para a realización do informe preceptivo que será vinculante para a resolución do procedemento, sendo competente para a súa concesión ou denegación a Comisión de goberno.

Tarxeta de estacionamento: Terán unha validez indefinida salvo para aqueles casos nos que a minusvalía fora concedida de forma provisional, onde tamén se concedería de forma provisional a tarxeta, podendo ser renovada unha vez que fora prorrogada a minusvalía.

Tarxeta de accesibilidade: Terán unha validez de dez anos, no caso de que a cualificación da minusvalidez sexa permanente e si a cualificación é provisional, tamén se concedería de forma provisional a tarxeta, podendo ser renovada unha vez que fora prorrogada a minusvalía.

ARTIGO 7.- REXIMEN SANCIONADOR.

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de estacionamento de maneira reiterada e debidamente probada, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos, debendo o interesado volver inicia-lo procedemento para a súa nova expedición.

Así mesmo no suposto de incumprimento da obriga establecida no artigo 5 respecto á colocación da tarxeta no vehículo, isto poderá amarreará retirada do vehículo da vía pública.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo establecido o prazo establecido no artigo 70.2 da LBRL, lei 7/1985 de 2 de abril, a partir da súa publicación íntegra no B.O.P de Lugo, sendo de aplicación ata a súa derogación ou modificación expresa.